Responde as seguintes cuestións:

1) Cada elemento cultural aglutina unha carga valorativa, información descriptiva e información práctica. Explica en que consiste cada unha deslas.

2) Cal é a definición de cultura que prioriza a súa dimensión práctica.

3) Sinala diferentes tipos de necesiades humanas ante as que temos respostas culturais e pon algún exemplo para cada unha delas.

4) Explica o motivo polo que a dimension práctica da cultura non pode ser estudada deslindando a carga valorativa e a descriptiva dos diferentes elementos culturais. Ou o que é o mesmo indica cal é o motivo polo que un elemento da chamada "cultura material" non pode deslindarse de valores, procedementos e informacións (non materiais) desa mesma cultura.

5) Na actualidade xunto cun proceso de homoxeneización cultural se están a reivindicar elementos de culturas non hexemónicas. En moitas ocasións estes non se valoran simplemente polo seu valor simbólico. Explica que outro valor poden ter.

6) Actualmente as multinacionais estanse a apropiar (non sempre de xeito lexitimo) de coñecementos producidos ou logrados noutras culturas. Pon algun exemplo para explicar por que lles interesa ese coñecemento.

Solucións:

1) Valorativa: o que define e e valora elementos desa realidade distinguindo o perxudicial do beneficioso. Descriptiva: aquilo que define, categoriza e explica a realidade e práctica: aquela información que serve para saber que hai que facer (e como) para aproveitarse do medio ou para solucionar os problemas.

2) A cultura é o conxunto de solucións que unha sociedade humana constrúe historicamente en resposta ás súas necesidades.

3) .Necesidades biolóxicas: de alimento, abrigo, teito. Necesidades sociais: evitar conflictos, preparar ou educar aos membros do grupo. Necesidades psíquicas: a aceptación, a evasión, a diversión, a expresión creativa, lúdica ou humorística.

4) Se entendemos a cultura como o conxunto de solucións que unha sociedade humana constrúe historicamente en resposta ás súas necesidades, consideramos que cada elemento cultural é unha resposta ou solución na que interveñen tanto habilidades e procedementos, como información e categorización da realdade como a súa valoración. Todo xunto constitúe pois unha resposta (dimensión práctica) a un posible problema, aunha necesidade, ou a un desafio. Así tamén os elementos materiais (unha ferramenta, unha edificación ou unha prenda de vestir) integran eses tres niveis non materiais

5) O valor de constituir respostas axeitadas para problemas e desafios actuais. Reivindícanse pola súa vixencia como modelo de vida, de producción, de relacións, etc… tan válido ou máis como as fórmulas occidentais hexemónicas.

6) As grandes empresas multinacionais apropianse do coñecemento da biodiversidade xa que nel basean a súa forza as ciencias que encabezan a revolución tecnolóxica del siglo XXI. Este coñecemento é a chave por exemplo para alterar o sistema alimenticio (transxénicos), para promover avances na ciencia médica, para a creación de novos materiais (biomateriais), novas enerxías (biomasa), novas armas biolóxicas, etc.